

Comunidade Autónoma / Departamento / Estado	GALICIA
Municipio	MASIDE
Edificio	Igrexa de San Pedro de Garabás
Dirección	Lugar da Eirexa, 19. 32577
	42.426634 -8.016806
Protección	
Descricion	<p>Edificación do século XII feita a base de perpiaño granítico labrado e escuadrado e coas unións encintadas. Planta rectangular dunha soa nave e ábsida cadrada (reformada no século XVIII). Posúe unha sancristía engadida a carón dun dos muros laterais.</p> <p>Na fachada principal podemos ver unha porta de acceso flanqueada por dous pares de columnas. A porta posúe tres arquivoltas lixeiramente apuntadas. O tímpano contén un gravado da Cruz de Santiago.</p> <p>Por riba da porta destaca un tornachuvias en escocia trezada e sobre catro canzorros.</p> <p>A espadana, con dous ocos con arcos de medio punto, é de factura recente. Os muros laterais destacan pola decoración dos seus canzorros, especialmente os do muro sueste.</p> <p>Sobre o vértice da nave podemos ver un Agnus Dei sen cruz ante fixa.</p> <p>No interior da igrexa destacan varios elementos:</p> <ul style="list-style-type: none"> * O arco triunfal de medio punto apoiado sobre columnas. Nelas destacan os seus capiteis. O da esquerda que representa a loita dun home armado con coitelo cun animal salvaxe; o da dereita é máis floral, cun conxunto de arcadas entrelazadas. * A capela maior, reformada en época posterior, ten bóvedas finxidas e unha cornixa con imposta decorada con cuadrifolios. * O retablo maior, de época barroca na que podemos ver as imaxes de San Pedro e San Paulo. <p>A igrexa tivo outro Agnus Dei, que hoxe podemos ver na Reitoral, situada ao seu carón.</p>
Campás	2 campás.
Fotos	2
Toques actuais de campás	
Conservación, mantemento	
Propostas	
Autors da documentación	TROIANO CARRIL, Xosé / CAMPÁS E RELOXOS MONUMENTAIS DE GALICIA (FACEBOOK)
Data	25-01-2025

Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
Espadana	<u>Menor.</u>	<u>PORTILLA, HERMANOS</u>	1984	50	72
Espadana	<u>Maior.</u>	<u>BLANCO ISLA, GREGORIO (PACIOS) (RIBAS ALTAS)</u>	1928	65	159

Información completa: [Igrexa de San Pedro de Garabás - MASIDE \(GALICIA\)](#)

PDF (27-06-2026)